

ANUNCIO

CORRECCIÓN DE ERROS

Advertidos erros de transcripción no prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación, do contrato de servizo de conservación, reparación e mantemento do alumeadado público do Concello de Arzúa; no relativo a:

1.- contido do **Sobre B: Subtitulado "documentación avaliable en función dun xuízo de valor"** (cláusula 11.3.2 do prego):

- onde di:

"Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e que se relacionan na cláusula 12.1 do prego; en concreto:

- *Plan de traballo e protección medioambiental*
- *Medios técnicos adscritos á realización dos traballos*
- *Dispoñibilidade nos casos de emerxencia*

- debería dicir:

"Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e que se relacionan na cláusula 12.1 do prego; en concreto:

- *Plan de traballo e protección medioambiental*
- *Medios técnicos adscritos á realización dos traballos*

(En consonancia co disposto na cláusula 12.1 do prego relativa aos **Criterios de valoración avaliables mediante xuízos de valor**)

2.- contido do **Sobre C: Subtitulado "documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas"** (cláusula 11.3.3 do prego):

- onde di:

"Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuantificables de forma automática por aplicación de fórmulas e que se relacionan na cláusula 12.2 do prego; en concreto:

- *Oferta económica formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como **ANEXO III** deste prego*
- *Melloras técnicas na prestación do servizo"*

- debería dicir:

"Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuantificables de forma automática por aplicación de fórmulas e que se relacionan na cláusula 12.2 do prego; en concreto:

- *Oferta económica formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como **ANEXO III** deste prego*
- *Melloras técnicas na prestación do servizo*
- *Dispoñibilidade nos casos de emerxencia"*

(En consonancia co disposto na cláusula 12.2 do prego relativa aos **Criterios de valoración avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas**)

Xa que logo, comunícase aos licitadores que tiveran presentado as súas propostas dentro do prazo de presentación de ofertas (dende o día 4 de marzo de 2015 ata o día 21 de marzo de 2015) **que deberán de ter adaptado o contido dos sobres B e C ao disposto neste anuncio de corrección de erros**, para o cal, disporán dun novo prazo, que se abrirá dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no perfil de contratante ata o día anterior á apertura pública dos Sobres B (prevista para o día 1 de abril de 2015 -MÉRCORES-), para:

- volver a presentar os sobres B e C (non Sobres A) adaptados ao disposto na corrección de erros, para o caso de que os xa presentados dentro do prazo de presentación de ofertas contradigan o establecido na mesma
- comunicar ao órgano de contratación (Xunta de Goberno Local) que están ao corrente da publicación deste anuncio no perfil de contratante, e que o contido dos sobres B e C xa presentados dentro do prazo de presentación de ofertas se axusta ao disposto na corrección de erros.

Asemade, advírtese aos licitadores que calquera documentación introducida no Sobre B, que estea relacionada ou na que se faga referencia aos criterios de valoración avaliados de forma automática mediante aplicación de fórmulas, cales son (cláusula 12.2 do prego):

- Oferta económica formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como **ANEXO III** deste prego
- Melloras técnicas na prestación do servizo
- Disponibilidade nos casos de emerxencia

determinará a exclusión dos mesmos do procedemento de licitación.

Arzúa, 23 de marzo de 2015.

O alcalde

Asdo: José Luis García López